



PARTIDO NACIONALISTA GALEGO

PARTIDO GALEGUISTA.

www.png-pg.org

NOTA DE PRENSA.

O COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL DO PARTIDO NACIONALISTA GALEGO-PARTIDO GALEGUISTA, FORZA SOCIAL-LIBERAL INTEGRADA NO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, REUNIDO HOXE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, CO FIN DE ANALIZAR O PASADO PROCESO ASAMBLEAR NO BNG, QUERE FACER PÚBLICAS AS SEGUINTES CONSIDERACIÓNS:

- 1) Trasladar á sociedade galega a satisfacción do PNG-PG polo resultado da XII ASEMBLEA NACIONAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, en base á mostra de madurez e responsabilidade amosadas pola militancia do BNG.
- 2) Felicitarmonos polo respaldo acadado polo Portavoz Nacional, Anxo Quintana.
- 3) Alegrarmonos da vontade manifestada unanimemente na Asamblea, dun modelo de BNG frontista e plural, amosada na composición dos órganos de dirección resultantes da vontade democrática que expresou a militancia na XII Asemblea Nacional. Todo isto, a pesar de que o PNG-PG non ten presenza da nova Executiva Nacional, eiva que agardamos poda ser corrixida no futuro.
- 4) Queremos amosar o respaldo do PNG-PG á Executiva Nacional eleita, animando aos seus integrantes a actuar cos criterios de unidade de acción e lealdade cara á Organización.
- 5) Reafirmámonos na nosa aposta, dende a perspectiva social-liberal representada polo PNG-PG, por un BNG entendido coma proxecto común, plural e aberto a todos os sectores da cidadanía galega.

Compostela, 16 de decembro de 2006.

COMITÉ EXECUTIVO NACIONAL PNG-PG.